

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CENTROS BENEFICIARIOS E NON BENEFICIARIOS DAS AXUDAS A CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA GALIMIENS DE INTERCAMBIO DE ALUMNADO CONVOCADAS POLA RESOLUCIÓN DO 20 DE XUÑO DE 2022, DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA.

A Resolución do 20 de xuño de 2022, da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, publicada no portal educativo o 30 xuño de 2022, regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa *Galimiens* de intercambio de alumnado de centros educativos de Galicia e da Région Académique Hauts-de-France durante o curso 2022/2023.

De conformidade co previsto na cláusula décimo primeira da dita Resolución, non habendo reclamacións e valoradas as renuncias,

RESOLVO

Primeiro-. Publicar no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal> a proposta de resolución definitiva de centros beneficiarios e non beneficiarios das axudas, que figuran no Anexo I.

Segundo-. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Judith Fernández Novoa

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

